



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO, A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO, CONCESIONARIA ESPAÑOLA, SOCIEDAD ANÓNIMA UNIPERSONAL PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO ENLACE NA AUTOESTRADA AP-9 DE ACCESO A SANTIAGO DE COMPOSTELA E AO COMPLEXO DA CIDADE DA CULTURA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) ten previsto formalizar coa Administración Xeral do Estado, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, Sociedade Anónima Unipersonal o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 18.08.2048.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A construción dun novo enlace no pq 70 da autoestrada AP-9, Ferrol – Fronteira Portuguesa, para a conexión da dita autoestrada coa cidade de Santiago de Compostela e o complexo da Cidade da Cultura.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A.U. ostenta a titularidade da concesión administrativa para a construción, conservación e explotación da autoestrada AP-9, pertencente á rede de estradas do Estado.





A Xunta de Galicia pretende a construción, no punto quilométrico 70 da autoestrada AP-9, dun novo acceso a Santiago de Compostela e ao complexo da Cidade da Cultura.

O Ministerio de Fomento está interesado na proposta, ao mellorar a accesibilidade local.

Actualmente Autopistas del Atlántico está executando as obras definidas, entre outros, no proxecto titulado “Ampliación da capacidade da autoestrada AP-9. Treito: Santiago norte-Santiago sur. Clave: 98-LC-9904” a que se refire o convenio aprobado por Real Decreto 1733/2011, do 18 de novembro, como actuación para garantir a mellor funcionalidade da autoestrada e, en particular, no dito treito, pois serve tamén de circunvalación da cidade de Santiago de Compostela con tránsito libre de peaxe para os percorridos internos, conforme ao establecido no Real Decreto 399/1985, do 6 de marzo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a vinte e tres de abril de 2016.

